



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 21 de setembro de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións (Decreto nº 2017002712), de data 20 de setembro, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Turismo e Termalismo, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 17-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 4

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N110.4391.21900	Mantemento de espazos termais	25.000,00
N110.4391.22706	Asistencia técnica para Turismo e Termalismo	20.659,00
Total Transf. Positivas:		45.659,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N210.4320.20200	Aluguer oficina turismo	7.144,00
N210.4320.22608	Gastos marketing e dinamiz.producto turístico	20.000,00
N210.4320.22610	Gastos diversos oficina de turismo	10.000,00
N210.4320.48000	Cota entrada Spain Convention Bureau	3.515,00
N210.4390.48000	Cota entrada anualidá Saborea España	5.000,00
Total Transf. Negativas:		45.659,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV:JJ7CNN2M3YY5QA6E